

# PROXECTO LECTOR CEIP MONFORTE (COLEXIO NOVO)

Documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades formativas e informativas

*Xuño 2017*

## Contido

1.DATOS DO CENTRO:.....	3
2.INTRODUCCIÓN .....	4
3. CONTEXTO DO CENTRO: .....	5
4. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DA NOSA BIBLIOTECA: DAFO .....	6
Situación e instalación.....	6
Recursos humanos e materiais.....	7
Organización e xestión.....	8
Prácticas lectoras e escritoras .....	9
5. OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN: .....	13
OBXECTIVOS XERAIS: .....	13
FUNDAMENTOS: .....	16
PRINCIPIOS: .....	17
COMPROMISOS: .....	18
METODOLOXÍAS: .....	18
ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS:.....	21
RECURSOS CULTURAIS DO ENTORNO .....	22
COORDINACIÓN DO PROXECTO .....	22
DIFUSIÓN DO PROXECTO LECTOR E APOIOS NECESARIOS: .....	23
6. ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES QUE CÓMPRE SISTEMATIZAR: .....	24
A nivel de centro:.....	24
A nivel de aula: .....	24
Fomento de hábitos de lectura .....	2
Actividades de educación documental .....	2
Implicación das familias e do entorno .....	3
7.AVALIACIÓN, REVISIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.....	3

**1.DATOS DO CENTRO:**

Tipo de centro.....	Colexio Público de Educación Infantil e Primaria
Denominación oficial....	CEIP Monforte (Colexio Novo)
Titularidade.....	Pública
Código do centro .....	27016662
Situación.....	Monforte de Lemos
Provincia.....	Lugo
Enderezo.....	Rolda Mª Emilia Casas Baamonde, s/n
Código Postal.....	27400
Correo electrónico:	ceip.monforte@edu.xunta.es
Páxina web.....	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipdemonforte/">http://centros.edu.xunta.es/ceipdemonforte/</a>
Blog biblioteca:	<a href="http://biblioforte.blogspot.com.es/">http://biblioforte.blogspot.com.es/</a>
Biblioforte dixital:	<a href="http://www.bibliofortedixital.ceipmonforte.es">http://www.bibliofortedixital.ceipmonforte.es</a>
Teléfono e fax .....	982808310 /982828315 609 90 65 24
N.I.F.....	Q-7750018I
Servizos complementarios xestionados polo centro:	Comedor e Transporte Escolar (servizo da Consellería e Municipal).
Servizos complementarios xestionados pola ANPA:	actividades extraescolares no recreo do comedor e de 17 a 18 h.

## 2.INTRODUCCIÓN

O Proxecto Lector do centro, tal e como sinala a lexislación actual (Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa -LOMCE-, o Anexo IV do decreto 130/2007 de 28 de xuño, e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, que establecen o currículo da Educación Primaria en Galicia) é o documento que articula todas as intervencións que se levarán a cabo en relación coa lectura, a escritura e habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

O noso proxecto lector considera, e non podería ser doutro xeito, a lectura nun sentido amplo: a lectura para aprender, para facer un resumo, para buscar datos, para favorecer a curiosidade e o interese pola aprendizaxe, para resolver un problema, para elaborar un traballo cun tratamento crítico e ético das fontes de información, e tamén a lectura pracenteira que ten como único fin o gozo do texto literario.

Superada a fase inicial de posta en marcha da biblioteca e de concienciación da importancia do PL, tentaremos ir un paso máis aló para darlle un carácter didáctico máis sistemático, con eixo nas actividades dentro das aulas, nas que a Biblioteca acomete un papel dinamizador do traballo das competencias lectoras, escritoras e de procura da información, así como naquelas outras nas que se fomenta a lectura como fonte de pracer; tentando á vez, articular proxectos de traballo integrados nos que participe todo o centro dende diferentes ámbitos e perspectivas.

Os aspectos a ter en conta para a súa revisión e actualización serán múltiples, entre os que incluiremos: o currículo, enfoques didácticos e organización escolar, apoio e reforzo escolar, as bibliotecas de aula, o nivel socio cultural, as novas tecnoloxías da información e a comunicación, a formación permanente do profesorado, os contidos a desenvolver no tempo específico da hora de ler, o tratamento da lectura na programación das distintas áreas e das unidades didácticas, as actuacións que se desenvolven fóra do centro e coas familias, as actuacións de colaboración e intercambio con outras institucións: biblioteca municipal, bibliotecas virtuais, blogs, ..., os indicadores de avaliación do proceso para afianzar os puntos fortes e articular propostas de mellora para as nosas “debilidades”.

### 3. CONTEXTO DO CENTRO:

#### QUEN SOMOS?

O Ceip Monforte (Colexio Novo) xurdiu como resposta á necesidade de trasladar dous antigos centros de ensino (San Antonio e Sagrado Corazón), situados no casco urbano de Monforte, a un novo edificio, que subsana as deficiencias de espazos e/ou condicións “físicas” destes (falta de patios de lecer, edificios moi antigos e de difícil illamento térmico, ...), acadando unha clara mellora das condicións, instalacións e distribución de espazos na que os alumnos e profesorado traballan diariamente.

A día de hoxe, tamén acolle a documentación procedente do centro de Educación Infantil Caixa Galicia, que desapareceu, como tal, xa hai varios anos.

O CEIP Monforte sitúase na zona norte da cidade, a carón da Rolda M<sup>a</sup> Emilia Casas Baamonde e do Río Cabe, relativamente cerca do centro urbano, de onde provén a maior parte do seu alumnado.

Imparte o 2º ciclo de E. Infantil e a Educación Primaria, contando na actualidade coas seguintes unidades:

- Educación Infantil (2º ciclo): 4 (3 unidades creadas e 1 unidade habilitada)
- Educación Primaria: 12 unidades (dúas por nivel)

A meirande parte do alumnado é monfortino, procedente do casco urbano (temos unha clara minoría que vive nas aldeas e parroquias), pero tamén acollemos alumnado doutras comunidades, doutros países (especialmente sudamericanos, romaneses e marroquís) e doutras etnias, culturas e/ou relixións, cun nivel de harmonía bastante axeitado e respectuoso.

O nivel económico e socio-cultural das familias é moi diverso: dende un nivel moi baixiño a outras cun amplo poder adquisitivo e nivel socio-cultural; o que permite, en certa medida, mellorar os niveis de aprendizaxe.

Predomina a lingua castelá en todos os niveis educativos; se ben dende o centro potenciamos o uso habitual do galego e a aprendizaxe dunha lingua estranxeira (inglés). De linguas estranxeiras (inglés e francés).

O nivel de participación das familias nas actividades do centro varía moito; nuns casos é masiva e doutros mais ben escasa. As relacións, a nivel xeral, son cordiais e o ambiente agradable.

#### INSTALACIÓNS E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

O edificio escolar construíuse no ano 1998, empezando a funcionar no curso 1998-99, conta con tres plantas e espazos exteriores. Atópase en bo estado e conta cun nivel de instalacións e dotación máis que aceptable: patio cuberto, ascensor, laboratorio de idiomas, aula de música, de relixión, espazo de

recreo pechado para E. Infantil, biblioteca moi ben equipada, conexión a internet , cañón e PDI en todas as aulas, ...Aínda que , por suposto, todo é mellorable, especialmente na parte tecnolóxica... onde todo vai tan rápido;;

Ofrece servizo de comedor e transporte escolar con varias liñas da Consellería de Educación e unha do Concello, que ofrece servizo dentro do casco urbano.

#### 4. RECURSOS DO MUNICIPIO:

O Concello de Monforte é moi activo a nivel cultural tendo múltiples propostas e actividades, sendo imposible ás veces, participar en todas elas.

No concello hai unha biblioteca municipal, que dispón tamén de equipos multimedia e que non participa da asociación “Lemos Le” na que estamos integrados a maioría dos centros públicos, bibliotecas e algunhas librerías da zona.

#### 4. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DA NOSA BIBLIOTECA: DAFO

<b>Situación e instalacións</b>	
DEBILIDADES (INTERNAS)	AMEAZAS (EXTERNAS)
Bancos pouco cómodos Falta de cortinas que tamicen a luz natural	Elevadas temperaturas nos meses de setembro, maio e xuño.
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Excelente situación: local amplo, con moita luz, de fácil acceso e moi visible.</li> <li>• Boa dotación de material para conferencias e/ou proxeccións (megafonía, pantalla xigante, proxector,...)</li> <li>• Espazo axeitado para traballo grupal e/ou individual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Facilitade para publicitar e incrementar o uso da biblioteca</li> </ul>

<b>Recursos humanos e materiais</b>	
DEBILIDADES (INTERNAS)	AMEAZAS (EXTERNAS)
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falta de horario do equipo de biblioteca; especialmente, da coordinadora.</li> <li>• Algúns recursos tecnolóxicos están infrautilizados ao ter poucos “exemplares” (táblets, e- books)</li> <li>• Recursos audiovisuais sen catalogar</li> <li>• Pouca “visibilidade” das táblets, e-books</li> <li>• Escasos recursos audiovisuais para E.I.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Horario de servizo limitado ao horario lectivo</li> <li>• Pérdida de recursos por furto</li> <li>• Limitación “física” para crecemento da biblioteca</li> <li>• Baixa velocidade de conexión a internet</li> <li>• Pouca implicación das familias nas actividades da biblioteca</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipo de biblioteca estable e moi boa disposición.</li> <li>• Recursos impresos e tecnolóxicos en bo estado e funcionamento</li> <li>• Diversidade de recursos axeitados: impresos e/ou tecnolóxico (PCs, táblets, e- books, ...)</li> <li>• Presenza na rede da nosa biblioteca a través dun blog e dunha páxina web: biblioforte.blogspot.com/ www.bibliofortedixital.ceipmonforte.es/</li> <li>• Participación no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.</li> <li>• Aumento de usuarios dos servizos da biblioteca (alumnado e familias).</li> <li>• Recursos impresos e/ou dixitais en castelán, galego e inglés</li> <li>• Libros e revistas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipo docente comprometido coa mellora dos procesos de ensino- aprendizaxe</li> <li>• Consolidar o uso das novas tecnoloxías</li> <li>• Avaliación do noso funcionamento, para establecer propostas de mellora.</li> <li>• Ampliar e promocionar servizos e recursos de información/formación, en todo tipo de material e/ou soporte</li> <li>• Promocionar unha maior participación das familias.</li> <li>• Incrementar os servizos ofertados pola biblioteca</li> <li>• Acordos de colaboración coa biblioteca municipal e/ou outras bibliotecas</li> </ul>

<b>Organización e xestión</b>	
DEBILIDADES (INTERNAS)	AMEAZAS (EXTERNAS)
Responsabilidade no respecto das normas de uso, organización e funcionamento da biblioteca	Falta de dispoñibilidade horaria
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dinamización e transformación da biblioteca a partires da nosa entrada no Planbe.</li> <li>• Xestión estandarizada a través da implantación da CDU e do Meiga</li> <li>• Elaboración das liñas prioritarias de actuación e memoria anual, que recolle os aspectos acadados e os pendentos.</li> <li>• Centralización de todo o material tanto impreso como audiovisual que despois se distribúe nas bibliotecas de aula.</li> <li>• Actualización e mellora do fondo dispoñible; facendo especial fincapé nos libros de consulta, investigación, ...</li> <li>• Consolidación de actividades de fomento da lectura e/ou formación de usuarios.</li> <li>• Iniciación aos proxectos integrados.</li> <li>• Documentos elaborados para axudar na organización e xestión da biblioteca: dípticos, carteis, planos, ...</li> <li>• Valoración positiva do funcionamento da biblioteca para parte da comunidade educativa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aproveitar a boa disposición dalgunhas familias para difundir actuacións da biblioteca e incentivar a participación familiar.</li> </ul>



## Prácticas lectoras e escritoras

DEBILIDADES (INTERNAS)	AMEAZAS (EXTERNAS)
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Irregularidade no cumprimento da “Hora de ler” e disparidade de criterios na súa aplicación.</li> <li>• Dificultades de entendemento das linguas oficiais de Galicia para parte de alumnado estranxeiro.</li> <li>• Falta de motivación cara a lectura dos/as alumnos/as e das súas familias.</li> <li>• Insuficiente dominio mecánico da lectura e da escritura.</li> <li>• Lectura con silabeo , canturreo, titubeos, repeticións, salto de palabras, cambios de liña, omisión ou supresión de unha ou varias letras ou sílabas, adición e substitución de fonemas, a inversión e a rotación e desequilibrios nas pausas.</li> <li>• Para ler seguen co dedo a liña.</li> <li>• Mover os beizos na lectura silenciosa.</li> <li>• Dificultade na entoación, no ritmo e na pronunciación.</li> <li>• Deficiente expresión oral e escrita do alumnado.</li> <li>• Dificultade para manter a atención ao longo dunha lectura.</li> <li>• Dificultade para reter a información despois da lectura dun texto.</li> <li>• Dificultades para seleccionar a información relevante ou para elaborar esquemas ou resumos, diferenciar ideas principais e secundarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escasa valoración da importancia da lecto-escritura dalgunhas familias</li> <li>• Claro predominio dos medios audio- visuais.</li> <li>• A lectura como ocio compete en inferioridade de condicións coa televisión, os xogos audiovisuais, ou deporte ... por ser estas diversións mais inmediatas e nas que a actitude intelectual dos rapaces é máis pasiva.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falta de vocabulario apropiado a súa idade.</li> <li>• Mala calidade de comprensión lectora.</li> <li>• Problemas para elaborar textos e traballos integrando diversas informacións.</li> <li>• Dificultade no seu desenvolvemento á hora de conseguir datos, realizar traballos a partir de investigacións en diversas vías na procura de información na biblioteca.</li> <li>• Problemas na selección de libros para lectura, por falta de recursos e de espírito crítico, de análise.</li> <li>• Inadecuada prensión dos útiles de escritura.</li> <li>• Inseguridade ortográfica (ce, ci; gue, gui; b, v; ll, ñ; m, b...)</li> <li>• Ritmo lento de escritura (en copias e ditados)</li> <li>• Falta de uniformidade na caligrafía.</li> <li>• Falta de esforzo na realización de traballos.</li> </ul>	
<p><b>FORTALEZAS</b></p>	<p><b>OPORTUNIDADES</b></p>
<p><u>Educación Infantil:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Diferenciación entre debuxo e grafía.</li> <li>• Atención visual e auditiva.</li> <li>• Gusto polos contos, adiviñas, refráns...</li> <li>• Fomento da creatividade e da expresión tanto individual como grupal.</li> <li>• Valoración da estética literaria.</li> <li>• Identificación e realización de grafías.</li> <li>• Direccionalidade da vista (de esquerda a dereita, de arriba a abaixo).</li> </ul> <p>En <u>Educación Primaria:</u> ademais de acadar e reforzar os logros sinalados na etapa anterior, tamén conseguimos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura colectiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aumento do nº de usuarios que utilizan habitualmente a biblioteca.</li> <li>• Mellores resultados nas probas de avaliación externa relacionadas coa competencia lingüística.</li> <li>• Esforzos orientados a mellorar no alumnado a atención, a concentración, a memoria, a secuenciación e estruturación do texto, etc.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manter a atención durante as sesións de lectura colectiva.</li> <li>• Acadar unha velocidade lectora adecuada á idade do alumnado.</li> <li>• Lectura oral respectando os signos de puntuación e unha axeitada entoación.</li> <li>• Comprensión lectora.</li> <li>• Capacidade de expresar opinións persoais e sacar conclusións.</li> <li>• Debido ao servizo de préstamo da biblioteca, a lectura forma parte do tempo de ocio do alumnado.</li> <li>• Autonomía á hora de escribir (construción de frases, ditados, relatos...)</li> <li>• Caligrafía lexible.</li> <li>• Mellora da ortografía, puntuación, presentación de traballos...</li> <li>• Desenvolvemento da creatividade.</li> </ul>	
---	--

## NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NESTE ÁMBITO

Na actualidade necesitamos adaptar a nosa formación á aplicación de novos programas de innovación educativa:

- Progentis : desarrolla en 5º e 6º coñecementos de neurociencia aplicándoos para a mellora da lectura comprensiva).
- Piteas : proxecto de mellora da formación de profesorado e de apoio e asesoramento aos centros educativos na detección e educación dos talentos de alumnas e alumnos, baseado en modelos científicos recoñecidos a nivel internacional e adaptados á realidade educativa, económica e cultural da Comunidade Autónoma de Galicia Intelixencia emocional: programa que mellora a xestión das emocións e que repercute positivamente nas aprendizaxes do alumnado
- O programa de xestión bibliotecaria que usamos é o MEIGA , co que a día de hoxe nos desenvolvemos bastante ben.

- Aprendizaxe colaborativo,....
- Novos recursos aplicados á biblioteca: robótica, escornabots, ... así como mellorar a nosa formación no ámbito Tic para sacarlle máis rendemento aos espazos virtuais que xa temos creados e funcionando: o blog da biblioteca e biblioforte dixital.

Tentaremos xestionar toda esta formación a través dun PFPP, relacionado con estas temáticas.

## 5. OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN:

### OBXECTIVOS XERAIS:

- Competencia lingüística: traballar a lingua tanto no aspecto oral coma escrito como ferramenta de comprensión e representación da realidade.
- Tratamento da información e competencia dixital: desenvolver a formación documental en distintos formatos.
- Competencia social e cidadá: potenciar a formación do espírito crítico no alumnado sendo capaz de localizar e elixir unha información, establecendo relacións de empatía mediante o coñecemento doutras realidades.
- Competencia cultural e artística: ter en conta que a actividade lectora en distintos formatos irá paralela a outras actividades de expresión que desenvolveran a iniciativa, imaxinación e a creatividade.
- Competencia de autonomía e iniciativa persoal: formar os propios gustos e valores do alumnado a partires dos textos diversos en canto a temática, formatos, idioma, ...
- Competencia matemática: interpretar símbolos e desenvolver as secuencias temporais, tanto a nivel de análise da estrutura do texto coma dos conectores na linguaxe escrita.
- Ao desenvolver as competencias anteriores, estarase tamén traballando a competencia para aprender a aprender, xa que formaremos usuarios que autonomamente saiban utilizar os recursos que a lectura lles poida proporcionar.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

#### A) BIBLIOTECA:

##### - FONDOS:

- a) Expurgar os fondos impresos e multimedia
- b) Recompilar, seleccionar e organizar os fondos da biblioteca.
- c) Revisar e actualizar os criterios de selección de fondos.
- d) Continuar a catalogación e rexistro dos fondos a través do programa Meiga.
- e) Arranxar os fondos deteriorados, pero aínda utilizables

##### - EQUIPO DE BIBLIOTECA

- f) Manter a estabilidade do responsable da biblioteca con horario e funcións definidas así como do resto dos membros do Equipo de biblioteca.
- g) Consolidar a implicación do profesorado e familias nas actividades da biblioteca.
- h) Reforzar a implicación dos alumnos e alumnas voluntarios de 5º e 6º nas responsabilidades da BE, formando o Equipo de Bibliocolaboradores.
- i) Manter actualizados os carnés de usuarios: alumnado, mestres ou pais e nais que desexen facer uso da biblioteca escolar.
- j) Impulsar actividades que fomenten a lectura como medio de entretemento e información
- k) Facilitar o acceso a internet para realizar traballos de investigación a través dos PCs e/ou táblets do centro.
- l) Dinamizar a biblioteca escolar.
- m) Informar no primeiro trimestre á toda a comunidade educativa sobre a organización e funcionamento da BE para implicar a tódolos sectores nas actividades que se propoñan e asegurar que poidan acceder aos recursos e servizos dispoñibles.
- n) Difundir e revisar as guías de uso da BE que serven como presentación da mesma: tríptico que inclúe plano, distribución e localización de fondos (CDU) e normas de uso e de préstamo.
- o) Facer visible a biblioteca: libros ao patio ou ao corredor, exposicións no corredor principal, publicidade das actividades propostas, ...

## **B) A BIBLIOTECA COMO CENTRO DE RECURSOS**

- a) Proporcionar un continuo apoio ao programa de ensinanza e aprendizaxe proporcionando un ensino de calidade.
- b) Integrar a utilidade e a xestión da biblioteca escolar nos documentos do centro.
- c) Favorecer o acceso a materiais, recursos que o alumnado non ten na súa casa así como á sociedade da información.
- d) Converterse no lugar e no recurso para o desenvolvemento do Proxecto Lector.
- e) Manter aberta a BE á comunidade como elemento dinamizador da súa vida cultural.
- f) Planificación do uso da biblioteca escolar como un auténtico centro de lectura, información e aprendizaxe e das bibliotecas de aula como seccións da biblioteca do centro que axuden a acadar os obxectivos.

## **C) EDUCACIÓN DOCUMENTAL.**

- Desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades necesarias para a investigación e a utilización de fontes que favorezan a aprendizaxe autónoma:

- Dotar ao alumnado das capacidades básicas (comprensión da CDU) para desenvolverse comodamente na biblioteca.
  - Descubrir as posibilidades dos fondos da biblioteca como fontes de formación e información e adquirir habilidades para a busca, tratamento e selección desta.
  - Coñecer os diferentes fondos da biblioteca (atlas, enciclopedias, material informático, contos, revistas, cd, ...)
  - Presentar os traballos en diferentes formatos e utilizando diferentes tipoloxías de textos para reforzar a reelaboración e exposición da información conseguida.
  - Estimular a curiosidade do alumnado cara o uso dos máis variados recursos de aprendizaxe.
- Favorecer o uso das TIC nos procesos de ensino – aprendizaxe e nas tarefas de Educación Documental.

#### **D) FOMENTO DA LECTURA E ESCRITURA**

- a) Consolidar nas programacións das distintas materias a presenza da biblioteca escolar, adicándolle os recursos persoais e materiais que requira.
- b) Implicar a todo o profesorado do centro para o deseño e posta en práctica do Plan Anual de Lectura.
- c) Erradicar na medida do posible as dificultades lectoras e da escritura expostas en apartados anteriores.
- d) Mellorar a capacidade lectora do alumnado, non só a nivel mecánico senón tamén a nivel de comprensión lectora, desenvolvendo o hábito lector.
- e) Favorecer o gusto pola lectura como alternativa de ocio e como recurso para o desenvolvemento intelectual e cultural.
- f) Fomentar e desenvolver a lectura e a escritura reflexiva entre o alumnado; así como a consolidación de rutinas.
- g) Promover a lectura como vía de acceso á información e como medio de compensación de desigualdades.
- h) Informar ás familias da necesidade da lectura e implicalas no proxecto lector do centro.
- i) Dinamizar as bibliotecas de aula e de centro a través de actividades motivadoras, cultivando nos nenos e nenas o pracer por ler e compensando a falta de estímulos familiares e sociais de xeito que a lectura ocupe períodos de lecer.
- j) Fomentar o uso das bibliotecas como instrumento de ocio e recurso para “ aprender a aprender”.
- k) Realizar actividades de animación lectora, de interrelación entre niveis e coas familias.

- l) Favorecer o uso dos recursos informáticos e internet para a obtención da información
- m) Hora de Ler
- n) Incentivar as lecturas compartidas: apadriñamentos lectores , lecturas colectivas, ...
- o) Facilitar o coñecemento dos distintos soportes, finalidades, tipoloxías de textos (instrucións, xornalísticos,expositivos...), xéneros literarios (narración, poesía, descrición...), ...
- p) Consolidar outras actividades propias da biblioteca como campañas de lectura, concursos, exposicións de traballos, narración,...

## E) FORMACIÓN DO EQUIPO DE BIBLIOTECA

- a) Manter a formación do equipo de biblioteca, a través da propia formación interna e/ou a participación nas actividades de formación xestionadas pola Administración educativa.
- b) Seleccionar e/ou elaborar materiais que permitan aproveitar ao máximo os recursos e fondos da BE, así como todo o relacionado con ela (formación de usuarios, ...)

## FUNDAMENTOS:

O obxectivo final da CL (Competencia lingüística) é formar lectores competentes, capaces de enfrontarse con éxito a textos diversos aplicando e desenvolvendo as habilidades e as estratexias necesarias para acceder ao contido do texto en función do seu propósito de lectura.

Traballaremos pois co obxectivo de que o noso alumnado adquira un bo nivel de competencia lectora e sexa capaz de:

- Ler textos axeitados ao seu nivel e idade en galego, castelán e inglés.
- Ler textos de diversos formatos e en todo tipo de soportes.
- Ler e coñecer as diversas tipoloxías textuais.
- Extraer e interpretar a información dos textos.
- Reflexionar sobre o coñecemento elaborado e sobre o proceso seguido para comprender un texto.
- Implicarse na lectura e falar sobre o lido.
- Aplicar a súa habilidade lectora para satisfacer necesidades persoais e actuar na sociedade.

Farémolo planificando e sistematizando actividades que impliquen situacións de aprendizaxe significativas para o alumnado, a partir dos usos reais e da intencionalidade da lectura:

- Ler para obter unha información precisa
- Ler para seguir unhas instrucións
- Ler para obter unha información de carácter xeral



- Ler para aprender
- Ler para revisar un escrito propio
- Ler para pracer
- Ler para comunicar un texto a un auditorio
- Ler para practicar a lectura en voz alta
- Ler para informar o que se comprendeu

Converter a lectura nunha estratexia metodolóxica para a mellora da aprendizaxe e considerar a biblioteca escolar como un recurso imprescindible na construción da rede básica de lectura e a configuración dunha comunidade de lectores activa.

Fomentar a lectura desde un proxecto global de centro, incorporándoa no currículo a través de intervencións sistematizadas na aula e na biblioteca escolar co gallo de formar lectores competentes.

Desenvolver ao longo de todo o curso intervencións de comprensión lectora e desenvolvemento do hábito lector, evitando actividades illadas, non enmarcadas nun plan de intervención con continuidade e coherencia.

Rendabilizar esforzos e recursos e colaborar con outros centros educativos e a biblioteca pública.

Implicar á comunidade educativa en accións do plan anual de lectura.

## **PRINCIPIOS:**

O centro educativo é un lugar de irradiación cultural.

Desenvolvemento da comprensión lectora e a expresión escrita de modo interdisciplinario.

A biblioteca escolar é un recurso imprescindible de apoio ao proxecto lector e ao desenvolvemento de estratexias de traballo.

Todo o profesorado é responsable e se implica no proxecto lector nos niveis e áreas correspondentes potenciando a comprensión lectora, base de toda aprendizaxe.

As intervencións en torno á comprensión lectora e o desenvolvemento de prácticas lectoras constrúense permanentemente, en todas as etapas educativas

A comunidade participa nas propostas que emanan dende o centro educativo en pos do fomento lector e/ou escritor.

O centro produce coñecementos e xera materiais diversos para o desenvolvemento do proxecto lector.

Compénsanse desigualdades grazas ás políticas de préstamo, á apertura en horario de lecer da biblioteca do centro, á facilidade de acceso a información on line a través do uso dos PCs e táblats e ao incremento continuado de material documental a dispor das aulas.

## COMPROMISOS:

O equipo directivo sensibiliza, innova, impulsa e sostén a filosofía do proxecto.

Todo o profesorado do centro promove a lectura nunha liña consensuada e de referencia común de actuación.

Introdúcense como puntos da orde do día das reunións de nivel e/ ou departamentos- equipos aspectos relacionados co proxecto lector, axudando ao bo desenvolvemento do traballo en equipo.

Inclúese na programación docentes a lectura como elemento transversal clave para o desenvolvemento de todas as materias e se planifica o uso dos recursos bibliotecarios.

Articúlanse protocolos de coordinación interna para a óptima implementación do proxecto de lectura e escritura

## METODOLOXÍAS:

Para abordar adecuadamente todas as dimensións da CL, o centro, deberá atender:

### **Os contextos sociais e culturais nos que se le:**

A adquisición dos coñecementos (ideas, procedementos, estratexias, sentimentos, emocións...) que fan posible a CL non se poden illar das formas sociais nas que se producen. No ámbito social do ensino da lectura debemos considerar:

- **Os contextos sociais da lectura:** conxunto de situacións comunicativas que debemos organizar ao incorporalas ao centro e dar sentido ao desenvolvemento da CL (centro como a centro de comunicación, uso da BE, centro aberto ao entorno, ...)

- **Os ámbitos sociais e de uso da lectura:** académico , literario, dos medios de comunicación- ocio e aprendizaxes non académicos -, das relacións sociais,...)
- **Tipos de lectura:** diferentes procesos, coñecementos, actitudes e estratexias que o alumnado pon en acción para comprender os textos.
  - Lectura en voz alta ou silenciosa
  - Lectura lúdica, para pracer
  - Lectura intensiva ou analítica (obxectivo: maior profundidade de comprensión / textos curtos)
  - Lectura extensiva (obxectivo: comprensión global / textos longos)
  - Lectura selectiva (obxectivo: obter unha información concreta)
  - Lectura crítica (centrada en aquilo que hai implícito no texto)

### **Os textos:**

Na aprendizaxe da lectura e da escritura debemos considerar a diversidade dos textos. Para un correcto desenvolvemento da CL compre que o alumnado experimente moitos tipos de textos.

Teremos en conta a clasificación de textos que propón PISA:

- Segundo o soporte: impreso , electrónico
- Segundo o formato: continuo, discontinuo ou multimodal
- Segundo o tipo de texto: narrativo, descritivo, instrutivo, expositivo, argumentativo.

### **O lector/a:**

Un lector é competente cando se enfronta a un texto e aplica e desenvolve unha serie de habilidades e estratexias que lle permiten acceder ao contido do texto en función do propósito de lectura que xa tiña antes de comezar a ler.

Para ter lectores competentes compre que o centro traballe de maneira sistemática a lectura e que se produzan situacións de aprendizaxe diverso que permiten, ao alumnado, progresar nos **tres niveis de comprensión lectora:**

1. Comprensión literal ou de obtención de información: extrae información directamente do texto. Consiste en seleccionar unicamente a información pertinente segundo a pregunta que se fai ou segundo a información que se busca.
2. Comprensión interpretativa ou inferencial: o lector/a deduce a información que busca a partir da información que extrae do texto. Para chegar a este nivel de comprensión, debe poñer en xogo os coñecementos previos, e será a partires destes e da lectura do texto que conseguirá facer as deducións necesarias.
3. Reflexiva ou avaliativa: o lector/a non pon tan só en funcionamento os seus coñecementos previos senón que tamén expresa os seus criterios e opinións.

No camiño da aprendizaxe cara a comprensión é imprescindible unha acción de modelado para parte do profesorado. Cómpre que as diferentes accións –**estratexias de lectura**– que realiza como lector/a experto dunha maneira máis ou menos inconsciente e automática, as leve a termo dunha maneira explícita para ensinar ao alumnado e lle sirvan de modelo. Desta maneira axuda ao alumno/a para que as poida aplicar, primeiro con todo o grupo e de maneira máis ou menos pautada, despois para pasar a reflexionar- coa axuda do adulto-, e finalmente para realizalas de forma autónoma.

Unha forma de organizar as estratexias de comprensión lectora é ter en conta a dimensión temporal do proceso. Podemos distinguir tres momentos para a comprensión do texto; cada un deles requirirá estratexias diferentes: antes, durante e despois da lectura.

### 1. Antes da lectura

- Obxectivos da lectura: Os propósitos da lectura constitúen a motivación necesaria para pasar á acción de ler.
- Formulación de hipóteses: o material, as ilustracións, a presentación e os indicios textuais (título, subtítulos, tipos de letra, etc.) aportan unha información que permite prever de que tipo de texto se trata e que tipo de contido ten.
- Activación dos coñecementos previos: pódense facer hipóteses sobre o texto dende o momento no que xa se teñen experiencias previas con textos semellantes. Ao mesmo tempo, os coñecementos previos sobre o contido permitirán a comprensión.
- Formulación de preguntas sobre o texto: facerse preguntas sobre o texto que se le activa os coñecementos previos e fan tomar consciencia do que se sabe sobre o tema.

### 2. Durante a lectura

- Formulación de hipótese: durante a lectura anticipase ao contido que virá a partires do que xa interpretou.
- Confirmación ou rexeitamento das hipóteses (facerse preguntas sobre o lido): as diferentes hipóteses iranse confirmando ou rexeitando a medida que se avanza na lectura.
- Recapitulación (aclarar dúbidas): para entender un texto comprender na memoria inmediata a información obtida.
- Control da comprensión: paralelamente á interpretación do escrito, pódense detectar as incomprensións posibles e decidir si procede continuar coa lectura para obter máis información ou é máis prudente reler, si procede buscar unha palabra no dicionario, ou ben utilizar outras estratexias para evitar os vacíos de información.
- Elaboración de resúmenes das ideas do texto a medida que se vai lendo.

### 3. Despois da lectura

- Identificación do tema e da idea principais do texto lido: o tema indica de que trata o texto ; a idea principal informa do enunciado máis importante que o autor emprega para explicar o tema.
- Elaboración dun resúmen: a partir da identificación das ideas principais e das relacións que o lector establece acordo cos obxectivos de lectura e cos seus coñecementos previos.
- Avaliación da comprensión: para facer unha avaliación pódese responder e aprender a elaborar preguntas pertinentes de diferentes niveis de comprensión (literal, interpretativa e reflexiva).
- Valoración: si o texto responde ás expectativas propostas, pódese avaliar reflexionando sobre si gustou, sorprendeu, si se recomendaría, etc.

## ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS:

### A) EQUIPO DE BIBLIOTECA:

- a. Os membros do equipo de biblioteca disporán de alomenos dúas horas de atención á biblioteca, organizando a tarefa a desenvolver por cada un deles.
- b. A responsable da BE terá o maior número de horas posible en función da súa dispoñibilidade horaria.
- c. Haberá unha hora mensual fora do horario lectivo para reunións organizativas.

**B) ESPAZOS:**

- a. Cada aula terá asignada unha hora semanal, podendo utilizar máis horas sempre que non estea ocupada por outro grupo.
- b. O préstamo funcionará tanto no recreo da mañá como a través dos espazos habilitados onde o alumnado poderá colocar ou devolver o libro solicitado.
- c. O alumnado de 6º exercerá de Bibliocolaboradores nas quendas que se establezan. Dita colaboración será voluntaria.
- d. Cada aula terá unha biblioteca de aula; os libros serán asignados durante o tempo que a principio de curso se estableza.
- e. Haberá unha zona tic (con 8 ordenadores a disposición do alumnado); zona de lectura informal; zona de xogos de mesa, tipo xadrez,... e zona de estudo e traballo.
- f. Lusn, de 17 a 18 h., préstamos ás familias do alumnado de Educ. Infantil.

**RECURSOS CULTURAI DO ENTORNO**

Monforte conta cunha [Biblioteca Pública Municipal](#), que todos os anos convoca concursos, certames de debuxo e narración; actividades relacionadas con autores importantes homenaxeados no ano en curso e nas que habitualmente participamos.

“[Lemos Le](#)”, é unha asociación, sen ánimo de lucro, creada entre distintos centros públicos da comarca (todos no Plambe), que pretende realizar actividades en colaboración con outras entidades do Concello (Centro de Información á Muller, asociación de libeiros de Monforte, ...) e responsables de bibliotecas públicas da comarca que fomenta, impulsa e dinamiza actividades relacionadas coas bibliotecas (“Mulleres de Lemos”, Propostas de lecturas, ...).

Outros recursos do contorno cos que se establecen canles de colaboración son diversas asociacións culturais, outros centros educativos e as mesmas familias do alumnado.

Por último, as editoriais ofrecen ás veces, en función do negocio que fan coas lecturas obrigatorias do centro, contacontos e actividades de encontros con autores ou de animación á lectura en xeral, que normalmente teñen unha excelente aceptación.

**COORDINACIÓN DO PROXECTO**

A Coordinación do Proxecto Lector do Centro (PL) correspóndelle á Coordinadora da Biblioteca Escolar, axudada polo profesorado pertencente ao Equipo de Apoio á Biblioteca. Dado que non é un proxecto de Biblioteca, senón un proxecto de centro no que terá que, necesariamente, estar implicado todo o profesorado, se establecerá un contacto permanente co equipo directivo e resto do claustro para avaliar a marcha do proceso e incluír as correccións necesarias para un correcto funcionamento do mesmo.

## DIFUSIÓN DO PROXECTO LECTOR E APOIOS NECESARIOS:

Consideramos que o PL debe ser coñecido:

A nivel interno por toda a Comunidade educativa: Alumnado, Familias, Mestres e Persoal non docente.

A nivel externo:

- Biblioteca pública municipal
- Concellería de Cultura de Monforte
- Asesoría de Bibliotecas Escolares da Consellería de Cultura, Educación da Xunta de Galicia.

Difundirémolo a través da páxina web do colexio:

(<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmonforte/taxonomy/term/157>)

Blog da biblioteca :

<http://biblioforte.blogspot.com.es/>

Biblioforte dixital:

<http://www.bibliofortedixital.ceipmonforte.es/>

Tamén elaboraremos trípticos e boletíns informativos.

## 6. ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES QUE CÓMPRE SISTEMATIZAR:

### A nivel de centro:

**Plan de animación a a lectura e formación literaria:** dirixido a todos os alumnos de Educación infantil e primaria, introducindo ao alumnado no mundo dos libros e da lectura dunha maneira lúdica e agradable para eles, producindo experiencias positivas e significativas.

**Programación de formación de usuarios de bibliotecas** (Entendendo a formación de usuarios como a adquisición das ferramentas -técnicas e metodolóxicas- que faciliten o acceso, de maneira libre e autónoma, á lectura e ás fontes de información. Supón unha formación específica na biblioteca escolar.

**Programación para ao desenvolvemento da competencia informacional** , a partires de tres aspectos básicos:

- A busca e recuperación da información
- O tratamento da información
- A comunicación e aplicación do coñecemento adquirido

### A nivel de aula:

No día a día, na aula, prodúcense múltiples situacións nas que se emprega a lectura. Estas son as que se traballan de maneira sistemática en cada nivel tendo en conta:

- Comprense traballar lecturas con diferentes intencionalidades, xa que se le diferente segundo sexa o obxectivo de cada lectura.
- Crear consciencia no lector (alumno) dos obxectivos e da intención de cada lectura que se propón.
- As estratexias de lectura que se empregan varían segundo a súa intencionalidade.

Aproveitamos as sesións diarias de **30 minutos de lectura** para reforzar especialmente a lectura en voz alta ,así como a aplicación de estratexias de lectura en función da tipoloxía textual.

<b>Ler para obter unha información precisa</b>	
Obxectivo	Buscar un dato interesante desfechando información que non interesa.
Tipos de lectura	Selectiva e rápida.



Estratexias	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento e dominio da orde alfabética, interpretación de abreviaturas e códigos, axilidade no uso do índice e sumarios.</li> <li>- Coñecemento da navegación por Internet, uso de buscadores e palabras clave.</li> <li>- Formulación de hipótese.</li> <li>- Confirmación ou rexeitamento das hipóteses.</li> <li>- Valoración da información obtida.</li> </ul>								
<b>Actividades</b>	<b>I3</b>	<b>I4</b>	<b>I5</b>	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>	<b>4º</b>	<b>5º</b>	<b>6º</b>
Pasar lista	x	x	x	x	x	x	x	x	x
Cargos	x	x	x	x	x	x	x	x	x
Lectura de menús	x	x	x	x	x	x	x	x	x
Lectura de circulares, notas informativas do centro	x	x	x	x	x	x	x	x	x
Observación do tempo	x	x	x	x	x	x	x		
Interpretación do tempo (estación meteorolóxica)							x	x	x
Uso do dicionario						x	x	x	x
Uso de enciclopedias						x	x	x	x
Interpretación de mapas e planos					x	x	x	x	x
Interpretación de esquemas e gráficos					x	x	x	x	x
Horarios de tren, carteleira de cine ou teatro, etc.						x	x	x	x
Interpretar unha factura, dun folleto de ofertas dun supermercado, ...								x	x

<b>Ler para seguir instrucións</b>									
Obxectivo	Saber como se fai unha cosa.								
Tipos de lectura	Intensiva ou analítica								
Estratexias	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Activación dos coñecementos previos.</li> <li>- Formulación de preguntas sobre o texto.</li> <li>- Control da comprensión.</li> <li>- Avaliación da comprensión.</li> </ul>								
<b>Actividade</b>	<b>I3</b>	<b>I4</b>	<b>I5</b>	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>	<b>4º</b>	<b>5º</b>	<b>6º</b>
Receitas de cociña		x	x	x	x	x	x	x	x
Instrucións de xogos				x	x	x	x	x	x

Instrucións do funcionamento dun electrodoméstico						X	X	X	X
Instrucións para facer unha actividade				X	X	X	X	X	X
Interpretación de enunciados de exercicios				X	X	X	X	X	X
Instrucións para realizar un experimento				X	X	X	X	X	X
Normativas (clase, biblioteca...)				X	X	X	X	X	X

<b>Ler para obter unha información de carácter xeral</b>									
Obxectivo	Saber de que trata un texto, facerse unha idea xeral do contido para valorar si compre continuar lendo e/ou profundar en ou tema.								
Tipos de lectura	Extensiva								
Estratexias	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de diversas fontes de información.</li> <li>- Activación dos coñecementos previos.</li> <li>- Formulación de hipótese.</li> <li>- Formulación de preguntas sobre o texto.</li> <li>- Recapitulación (aclarar dúbidas).</li> <li>- Valoración da información obtida</li> </ul>								
<b>Actividades</b>	<b>I3</b>	<b>I4</b>	<b>I5</b>	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>	<b>4º</b>	<b>5º</b>	<b>6º</b>
Lecturas dos libros de texto				X	X	X	X	X	X
Lectura de noticias de prensa					X	X	X	X	X
Lectura de textos informativos (libros de coñecementos, revistas...)				X	X	X	X	X	X
Preparación de proxectos				X	X	X	X	X	X
Lectura de carteis, carteleiras e pantallas publicitarias				X	X	X	X	X	X
Lectura de textos elaborados polos compañeiros						X	X	X	X
Interpretación para encher formularios						X	X	X	X

<b>Ler para aprender</b>	
Obxectivo	Ampliar coñecementos, adquirir novos coñecementos.
Tipos de lectura	Inicialmente: extensiva Para profundizar de forma intensiva ou analítica

Estratexias	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Formulación de hipótese.</li> <li>- Activación dos coñecementos previos.</li> <li>- Formulación de preguntas sobre ou texto.</li> <li>- Recapitulación (aclarar dúbidas).</li> <li>- Control da comprensión.</li> <li>- Identificación do tema e da idea principal: subliñado das ideas principais, resumes, mapas conceptuais, etc.</li> <li>- Elaboración de mapas conceptuais xigantes e de debuxos para facilitar a comprensión lectora e a adquisición de vocabulario.</li> <li>- Valoración da información obtida e do coñecemento adquirido.</li> </ul>								
Actividades	I3	I4	I5	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Elaboración de proxectos	x	x	x	x	x	x	x	x	x
Lectura dos libros de texto para o estudo dos temas das áreas						x	x	x	x
Confección de dossiers dos temas de cada área						x	x	x	x
Preparación dun tema para facer unha exposición.						x	x	x	x
Lecturas prescritibles						x	x	x	x

<b>Ler para revisar un escrito propio</b>										
Obxectivo	Revisar si o que se escribiu responde aos obxectivos propostos.									
Tipos de lectura	Intensiva e crítica									
Estratexias	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise e aplicación das características de cada tipoloxía textual (estrutura, elementos, vocabulario, etc.).</li> <li>- Coñecemento das normas ortográficas que se teñen que aplicar correspondentes a cada nivel.</li> <li>- Valoración do resultado.</li> </ul>									
Actividades	I3	I4	I5	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Libreta de asemblea						x	x	x	x	
Axenda persoal				x	x	x	x	x	x	
Escritura de noticias			x	x	x	x	x	x	x	
Escritura de cartas					x	x	x	x	x	
Creación de textos(narrativo, descritivo, poético...)			x	x	x	x	x	x	x	
Ditados				x	x	x	x	x	x	

<b>Ler por pracer</b>										
Obxectivo	Pasalo ben e “disfrutar” da lectura.									
Tipos de lectura	Extensiva e crítica									
Estratexias	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicación de criterios para facer a selección de lecturas a partir dos intereses persoais propios: Formulación de hipótese e Activación dos coñecementos previos.</li> <li>- Control da comprensión.</li> <li>- Identificación do tema e da idea principais.</li> <li>- Valoración da lectura: opinión persoal, compartir, recomendar...</li> </ul>									
Actividades	I3	I4	I5	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Lectura de libros e revistas de ficción de libre elección				x	x	x	x	x	x	
Lectura de libros e revistas de coñecementos de libre elección				x	x	x	x	x	x	
Biblioteca de aula	x	x	x	x	x	x	x			
Sesións na biblioteca escolar	x	x	x	x	x	x	x	x	x	
Actividades do Plan de animación á lectura doutros organismos e/ou institucións (PAL)	x	x	x	x	x	x	x	x	x	

<b>Ler para practicar a lectura en voz alta</b>
---

Obxectivo	Ler con claridade, rapidez, fluidez e corrección, respectando as normas de puntuación e coa entoación requirida para que as persoas que escoiten entendan a mensaxe.								
Tipos de lectura	Expresiva								
Estratexias	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Preparación previa.</li> <li>- Control da comprensión.</li> <li>- Control da entoación, a voz e o ritmo.</li> <li>- Valoración persoal da propia lectura</li> <li>- Valoración por parte do auditorio.</li> </ul>								
<b>Actividades</b>	<b>I3</b>	<b>I4</b>	<b>I5</b>	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>	<b>4º</b>	<b>5º</b>	<b>6º</b>
Lectura de escritos propios				x	x	x	x	x	x
Lectura de textos (libros de texto)				x	x	x	x	x	x
Lectura de noticias					x	x	x	x	x
Lectura dos acordos das asembleas de clase e de centro					x	x	x	x	x
Recitación de poesías		x	x	x	x	x	x	x	x
Lectura de adiviñas, contos, refráns, ditos, etc.				x	x	x	x	x	x
Lectura de pregóns							x	x	x
Presentación de actos						x	x	x	x

<b>Ler para informar do que se entendeu</b>									
Obxectivo	Ler para responder preguntas.								
Tipos de lectura	Intensiva e crítica								
Estratexias	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Control da comprensión.</li> <li>- Elaboración de resúmenes das ideas do texto a medida que se vai lendo.</li> <li>- Avaliación da comprensión (literal, interpretativa e reflexiva).</li> </ul>								
<b>Actividades</b>	<b>I3</b>	<b>I4</b>	<b>I5</b>	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>	<b>4º</b>	<b>5º</b>	<b>6º</b>
Resolución de problemas matemáticos				x	x	x	x	x	x
Cuestionarios das áreas do Medio natural e social				x	x	x	x	x	x
Realización de probas e controis das diferentes áreas				x	x	x	x	x	x
Lectura de enunciados de exercicios				x	x	x	x	x	x
Exposición de conferencias e proxectos realizados	x	x	x	x	x	x	x	x	x

## Fomento de hábitos de lectura

As actividades que en relación á adquisición de hábitos de lectura se realizan ou se ten pensado realizar no futuro no noso colexio son as seguintes:

- Programa de lectura silenciosa
- Carnés de lectores
- Exposición do argumento dun libro aos compañeiros polos encargados do día.
- Empréstamo
- Mercado de intercambio de libros
- Clubs de lectura
- Clubs de escritura
- Exposicións de libros
- Elaboración e representación de Kamishibais
- Os venres...un conto
- Programa contrato de mellora da lectura e da escritura
- Coñecendo aos nosos homenaxeados das Letras Galegas
- Obradoiro de conta contos para nais e pais
- Guías de lectura
- Itinerarios lectores
- A procura do tesouro (proxectos integrados en Educ. infantil)
- Concursos de ilustradores
- Exercicios de escritura creativa
- Encontros con escritores e ilustradores
- Representacións teatrais, escenificacións de contos, linguaxe de signos, dramatizacións, ...

## Actividades de educación documental

No tocante á educación documental as actividades que, dende a biblioteca se realizan, serían as seguintes:

- Fornecer bibliografía para os proxectos documentais das distintas aulas
- Proposta e coordinación do Proxecto Documental de Centro
- O Preguntón
- Realización de Procuras do Tesouro e WebQuests

- Formación de usuarios
- Axudantes da Biblioteca

## Implicación das familias e do entorno

A implicación das familias é fundamental, por iso programamos actividades como por exemplo: Ler en familia, Os venres ...un conto, as Mochilas viaxeiras, Libro viaxeiro, ... nas que a intervención de nais, pais, avoas, é absolutamente necesaria para o seu desenvolvemento.

Tamén é de destacar como dende Educación Infantil se tenta implicar ás familias na recollida de información para os proxectos documentais, ou en actividades de carácter máis lúdico como a Preguntón. Neste sentido, tentamos implicar aos pais e nais para que veñen ao colexio a falar dos seus traballos, afeizóns, países de orixe... datos que son recollidos nos proxectos de investigación que se desenvolven nas aulas.

## 7.AVALIACIÓN, REVISIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

Avaliarase o desenvolvemento do proxecto para comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos e en función desta avaliación modificar, se procede, a programación ou as actividades propostas.

### Instrumentos e procedementos de avaliación

- Observación directa do alumnado na realización das actividades realizadas
- Enquisas entre o profesorado, o alumnado ou as familias
- Estatísticas do servizo de préstamo para avaliar os intereses dos alumnos polos materiais e así adecuar os fondos se fose necesario
- Análise das estatísticas de préstamo para comprobar a eficacia das actividades propostas
- Avaliación final

### Critérios de avaliación con indicadores

- ✓ Axuste da realidade ao programado no proxecto.
- ✓ Realización das actividades programadas no proxecto
- ✓ Grao de consecución dos obxectivos programados
- ✓ Recursos e materiais dispoñibles
- ✓ Recursos e materiais elaborados
- ✓ Distribución adecuada da biblioteca con distintas zonas
- ✓ Funcionamento correcto do Equipo de Biblioteca
- ✓ Funcionamento correcto dos equipos de *alumnos bibliotecarios*
- ✓ Realización das publicacións programadas.
- ✓ Uso dos fondos da biblioteca (estatísticas).
- ✓ Cantidade e equilibrio dos fondos
- ✓ Informatización dos fondos bibliotecarios e o servizo de préstamo
- ✓ Desenvolvemento do Proxecto Lector
- ✓ Cumprimento da Hora de Ler
- ✓ Nivel de implicación da comunidade educativa
- ✓ Grao de satisfacción da comunidade educativa

Monforte, xuño de 2017